BOLETÍN

DE LA

REAL ACADEMIA GALLEGA

Año V | *Coruña 20 de Abril de 1910* | Núm. 35

SECCIÓN OFICIAL

DISCURSOS LEÍDOS EN LA SOLEMNE SESIÓN DEL 13 DE DICIEMBRE DE 1909 CELEBRADA EN SANTIAGO PARA LA RECEPCIÓN DE ACADÉMICO DE NÚMERO DEL SR. D. AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

ALMA D'A POESIA GALLEGA

POR EL

Sr. D. Amador Montenegro Saavedra

SIÑORES ACADÉMICOS:

Sempre teredes pobres antre vosoutros, dixo quén nunca errou, e n-estas palabras hase buscar a razón d'a miña presencea aqui. Era preciso que n-esta reunión de xente rica de inxenio, de potentados d'a idea, de *pudientes* d'a palabra, de capitalistas de méretos, en fin, houbera quén sin nada de todo eso se presentase ante vosoutros como un pobre, mal vistido, que nin *Muxenas* nin *Fábulas* y *Epigramas* son pano pra traxe de festa (1).

Grande é, certamente, a honra que me concededes; mais con ela honrádesvos tamen vosoutros, pois nada fai o home tan grande como a

(1) Rifírese á dúas obras pubricadas con eses nomes.

homildá que o leva ôs homildes. E como si fose pouco o dito, levásteil-a vosa bondá á sinalarme o sito que ocupou en vida un home douto: anque vos pareza estrano que o diga, acertados andivéstedes, pois homilde eu, teño algús méretos e danme éstes algún dreito pra vir n-o canto de quén, si pecou, foi de homilde e modesto, de Arturo Vázquez Nuñez, de quén dispénsarame de esquirbir largamente a circustancia de tel-o feito en acasión análoga máis douta pruma.

Entro, pois, sin máis arrodeos n-o tema d'o meu discurso, si é que pode chamarse e queredes chamar así á estas catro ideas mal espostas. Non encomenzarei, sin embargo, sin dicirvos as ansias por que pasou meu esprito, escollendo o asunto, n-o medeo de angustias causadas por disgracias de familia e acupaciós costantes, que me roubaban o tempo e ainda mais que o tempo a dôce calma en que o esquirtor, anque tan pobre sexa como o que n-este momento vos fala, ha desenvolver o seu pensamento e valeirar a súa idea.

Titulo o meu traballo «Alma d'a Poesía Gallega» propoñéndome probar que n-a Fé, n-a Patria e n-o Amor, hase de ispirar o poeta gallego pra merecer de tal o nome, pra ser eco d'os sentimentos d'o país, pra poñerse en condiciós de que o escoiten, pra cumprir a minsión subrime, providencial e reconocida en todol-os tempos, en todal-as edás e pobos, en todol-os estados e civilizaciós, que hastra antre os salvaxes brila o xenio d'a poesía y-é unha muller, Anacaona, a que c'os seus cantos fai despertar á todo un Pobo. O poeta é eterno, vive sempre, domina e manda n-os espritos: a sua importancia foi reconocida pol-o primeiro maxistrado d'o pobo máis positivista d'o mundo cando esquirbíu *que é máis útil â repubrica que o dono de unha gran fábrica. (1)*

Pobre de estudios, que o tempo me levan e o esprito me renden as labores d'o campo (¡eu son labrego!), nin compitir nin siguir quero ôs qué, tomand'o lema d'os trovadores d'a Provenza, glosaron e comentaron aquel dístico famoso, que é por si solo unha poesía: son moito máis modestas as miñas aspiraciós, ben que, como dito levo, son tamén pouças as miñas forzas e pouco o tempo de que dispôr podo. Estes mesmos ringuilós son esquirtos n-o campo, rindido o corpo e aguniad'o esprito, contemprando o triste espectáculo que ofrecen as nosas aldeas, sin xente, que fuxe pra outras terras; sin froitos, que rouban malas anadas e malogran malísimos cultivos; sin esprito de defensa, que afoga a pesadísima lousa d'o caciquismo, que domina e

(1) Roosevelt: *El Ideal Americano.*

degrada, asoballando n-o home o que tén de máis nobre e máis dino. Xa que non outra cousa, lévenvos as miñas palabras o cheiro d'as humildísimas frores d'as nosas montañas, o zombar d'as traballadoras abellas, o canto, sin imitación, d'os paxaros, o remor d'os piñeirales, o marmular d'as fontelas e..... ¡as queixas dooridas d'os meus peisanos, d'esas que chamou o orador honradas masas, que amansan a terra c'o poder d'os seus brazos, regándoa c'o sudor d'a súa frente; que rezan n-a eirexa, co-a ardente fé de almas sinxelas; que legran c'os seus cantares os romaxes e serans, que rîn, rîn sempre..... menos cando atopan c'o cacique ou teñen que verse c'o sacretario!

¡E preciso *ir* â conquista d'o noso país, que xeme baixo a máis férrea tiranía, é priciso ridimilo d'a escravitú en que vive!

Non-o domearon cuasi os romanos, non poideron facer n-él asento os mouros, antes, e si quixeron gozal-o, tiveron os suevos que deixárense conquistar e hoxe escravizao unha nube de malandrís, que nin valor teñen pra dal-o seu nome. Agora, pior que en tempos que se chaman de escravitú, ô chegar á unha aldea podedes perguntar *quén manda alí*, e non vos dirán, podédel-o ter por ben seguro, o nome d'o que lexítimamente ou por ley debe mandar, si non o de algún desconocido, de fora d'o país, quizaves, que ergueu a súa casa como aqueles paxaros que, según dín, botan fora ô dono de un niño pra acupal-o eles enseguida.

Perdón, perdón, siñores; mais, xa vol-o dixen: veño d'o campo e non teño eu a culpa si, c'o soave cheiro d'as roseiras e o armonioso canto d'os páxaros, se mezcran outros cheiros e outras notas menos agradabres.

¡A Poesía! ¡O poeta! Non, non preguntedes â maoria d'os meus peisanos o que son.

Mitidos unhos n-os negocios d'o comercio, non-o alcanzan, quizaves, ou consideran impropio d'a súa profesión acupárense de tales cousas; acupados outros n-as labores duras d'o campo, non-o conciben; adicados éstes â pulítica, alcóntran-os inútiles; pensa un que é cousa de xente que non ten que facer, algún de tolos, quizaves, e poucos, moi poucos, n-esta revolta de ideas, sacan á salvo a verdadeira e lle rende culto n-o interior d'a súa alma.

Mais o comerciante deixa un momento a vara e os númaros, sai ô campo, contempra, adimirado, a obra de Dios e soña (sinte a Poesía); vai ô teatro e adeprende unha tirada de versos, que logo ripite con antuseasmo (confesa o poeta). Valeira o labrego en cántigas sintidas os

sentimentos d'a alma e todos, todos renden un tributo â Poesía e ô poeta, como unha nacisidá d'o esprito. ¡Qué siría d'o mundo sin Poesía!

Mais a Poesía, si ha de encarnar n-o pobo; si o poeta, seu estromento e sacerdote, ha de entrerar, comprindo a súa minsión, priciso é que unha e outro vivan, rispiren e alenten n-a mesma atmósfera d'o pobo, fuxindo d'as capas viciadas, n-as que, como socede en algunhas cobas e minas, certos gases venenosos fan o aire impropio pr'a vida, ou fan esta penosa e chea de sofrementos, sin sol nin poesía. Priciso é que se alimenten d'os mesmos sentementos e d'as mesmas ideas, que forman como o armazón ou esqueleto d'a sociedad n-a que ha de vivir e pr'a que ha de cantar; priciso é, en fin, ispirarse e ter a mesma alma d'o pobo que canta e pra quén canta.

Poesía gallega, pois, poeta gallego sin Fé, sin Patria e sin Amor, sentementos que alentan e ispiran a vida d'o noso pobo, eixes sobre que descansa e xira (e o contrario nunca os meus ollos vexan) a nosa sociedá, *eu non-os concibo.*

¡Ohu! sí. Non fan o poeta solo os versos ou a brilante prosa, como non fai a meiciña a caixa en que nol-a despachan n-a butica e se aprecia *pol-o que leva dentro,* como pol-o que levamos dentro facémonos aprecear nós, verdadeiras caixas, caixas maravillosas; mais solo pol-a maravillosa forza que nos sostén: a alma.

Alma d'a poesía gallega, forza que ha de darlle alento e ispirar ô poeta n-os seus cantos, han de ser os elementos que forman a alma d'o noso pobo: a Fé, a Patria e o Amor.

Non penso que sexan os sintimentos ditos propios solamante d'o noso país e d'a súa poesía, non; librárame Dios de soster que solo teñan realidá e vida n-a nosa; mais, si, soster que, como en poucas encarna, e ben como á ser a súa esencia.

Dend'o principio d'o mundo e n-a hestórea d'os pobos todos, alcontramos a Fé primeiro, a Patria despois e sempre o Amor xogando antre as cordas d'a lira d'o poeta. A primeira oración d'o primeiro home non puido ser mais que un canto â Divinidá, un canto ispirado n-a Fé, e n-os cantos d'os primeiros pobos, cuáseque non demarcadas ainda as nacionalidás, precíbese o sentemento, moitas veces misturado e confundido co-a xenreira ô viciño.

Non se canta o que non se ama, que hastra o odio ten raigañas n-o amor. Canta primeiro o home á Dios, mais logo canta â súa compañeira, canto subrime de amor que escoita a Natureza enteira e imita n-un hino xigante de armonías, que doocemente se abanan en ondas

de agradabres cheiros; hino xigante, á formar cuia *gama* o mesmo contribuye a molécula que xira á impulso d'a atraución, que o mar, que brúa, ou o volcán, que trona; a insinificante libélula, rindindo antre aleteos de amor a súa curta vida n-o leito formado n-o caliz de unha rosa, como a fontela que gurgula, o regato que marmurexa, o airiño que sospira.... o poeta, que armoniza tantas esparexidas notas, compón o seu canto e devólveo ô pobo, pra que o pobo o reconoza e o entone.

Saltai pol-os escuros imperios de Asia, onde non faltarán exempros; viude á Grecia, parade en Roma. N-un e outro continente, a enchente de dioses, c'os mesmos defeutos qu'os homes, fai enfriar o sentemento relixioso d'os seus cantos; mais, en troques, vede que fermosos os ispira o sentemento d'a Patria. E non é priciso, notádeo ben, que a Patria cantada teña seu asento n-unha gran estensión de tarreo, e antre as pequenas naciós de Grecia ¡canto antuseasmo e canta groria!

Atenas, Esparta e tantas outras pequenas repúbricas, non máis grandes que un pano, como algunha vez e por bulra se dixo, tiveron seus poetas, cantores d'a libertá e groria d'a Patria, que fixeron sonar a lira n-os campos de batalla, pra cantar a viutoria, como en Maratón, ou o sacrificio, como n-as Termópilas.

Non ten Roma cantos tan potentemente ispirados n-o sentemento d'a patria e si á midir se fose esto pol-o tarreo, en sito algún poidera arrincar notas de máis guerreira armonía.

Antre as naciós modernas, ¡cántas pequenas poideran dar leuciós de sacrificio e antuseasmo patriótico! Mais veñamos outra vez á Galicia, veñamos â terra d'os nosos pais, â que encerra, co-as cinzas dos nosos vellos, o xermen d'o seu futuro grande; â que solo agarda que o arado ou a haixada rompan a codea, pra lanzar ô vento froitos que logo recolla unha xeneración que debemos insinar e dirixir pra que non-os apedre.

Si franco querés que sexa, co-a fé mais firme n-un amancer incomparabre pra Galicia, tembro cando boto unha ollada sobre esa mocedá de vellos, n-os que, o cretinismo intelectual causa o enquerquenamento d'o corpo; o vicio en que vive e a folganza en que se consome, afogan a grandeza de pensamento e matan o esforzo que nacesita o herdeiro de unha gran fertuna, pra non malgastal-a ou precurar non lla rouben.

Mocedá gallega, si o camiño non deixas que agora sigues, non serás, non, a que ha gozal-a alborada d'o novo día. Si non estudeas n-as aulas, non traballas n-os talleres e n-o campo; si non viaxas e non foxes d'a atmósfera d'a pulítica, que todo o envenena, si non deixas

os lugares de pirdición en que *mátal-o tempo*, nada de tí pode esperar a Patria. Erguete e pensa que, como dixo un esquirtor español en inxeniosa e prefunda frase, *o neno é o pai d'o home.*

Perdonai si o espeutáculo triste que ôs meus, como ôs vosos ollos se desenvolve, arrinca d'a miña alma palabras de amargura. Si perdémol-a mocedá ¿qué será de nosoutros?

——

«No hay arte con que disimule el poeta la falta de convicción» dixo Valera: (1) n-o meu pensar, estas palabras d'o gran esquirtor castillano, tanto queren dicir como que o poeta nacesita sintir o que canta, ter fé n-o ideal en que se ispira, fé basada n-a convicción, que non pode finxirse, nin pode disimular o arte, por esquisito que él sexa. Poideran compretar este pensamento, outras palabras de Oyuela, quén asegura que o cosmopolitismo non deu de sí nin dará nunca nada fecundo.

Ou teño que confesar a miña curtedá, ou o dito ben ser a afirmación e a confirmación de que o poeta *debe sentir o seu país,* debe escoitar os remores d'as súas carballeiras, debe poñerse â fala co-as ruinas, debe recoller d'o pobo as legrías e as tristuras, debe ser o que faga soar as cordas d'os seus sentimentos e afeutos.

Ben sei eu que vivimos n-unha edá en que parez reinar n-os espritos o afán insano de esborrallal-o todo; ben sei que, como di o antes citado autor, «domina un prurito de impiedad y rebeldía blasfema» e que a mocedá corre tras un ideal mintido, perecendo, como a volvoreta, antre a chama engañadora, n-o fogo d'as non reprimidas pasiós; mais «sobre el corazón del hombre.—dixo outro esquirtor—está impreso el semblante de Dios» (2) e si esto é certo, «si la poesía realista ó naturalista vale poco y el verdadero valor de la poesía está, no en lo real, sino en lo ideal, en la pasión, en el sentimiento que produce el objeto en el espíritu de quién lo contempla» (3) ¿cando responderá millor o poeta gallego que cando cante a Fé, que alentaron nosos páis e vive n-as nosas montañas, a Fé que os guiou en canto grande emprenderon, pol-a que loitaron, n-a que viviron e nos deixaron, como patrimonio d'a alma, como ideal n-o que mantiveron o esprito?

¡Ohu!, sí. Os atardeceres n-a nosa terra son relixosos, inspiran Fé.

O sol escóndese tral-os piñeirales, dóbrase n-o choo ou fúndese n-o mar; escóitanse os cantos d'os pastores aquí e d'os mariñeiros alá,

(1) Cartas Americanas. Primera serie, Madrid 1868, pág. 76.
(2) Aparici y Guijarro.
(3) Valera, cit.

cantos que suben â montaña, á Dios, en ondas de invisibres cheiros e de infinitas armonías; séntese o zoar d'as abellas, o bater d'os remos, o suave *queixume d'os pinos*..... e dominando todo a campana d'a hermida, tocando á oración.

A poesía de aquelas horas en que todo esmorece, se recolle e dorme co-a noite, como aquelas en que desperta co-a alborada, tén alma relixiosa e o poeta que a canta pricisa ter Fé.

Un poeta sin Fé ama as ruinas, non pol-o recordo que encerran, sinon por seren tales ruinas; non pode construir e nosoutros nacesitamos levantar; falaría n-unha lingoa desconocida pr'a maoría d'o noso pobo, pricisamente cando recramamos un medeo de espresión d'os sentementos de todos. Un poeta sin Fé non pode respetar o noso pasado, nin ter espranza n-o que está por vir.

Temos que continar a nosa hestórea, temos que levantar os espritos, fundíndoos n-un ideal común e non me parez sexa o millor modo, rair de eles o que de máis nobre teñen, o que os fixo grandes un día baixo o sino d'a cruz, que dend'o máis alto d'as nosas torres derrama os beneficios de unha relixión de paz e caridá.

¡A Patria! ¿Pro teñen patria os gallegos? preguntoume en certa acasión e *con segunda*, un ilustrado fillo d'a nación veciña.

Sí, temos os gallegos patria, por ela sintimos os fillos de este país forte amor e si queremos que Galicia *volva á ser*, si queremos que *volva á andar* a nosa parada hestórea, priciso é barrer d'os espritos a duda que envolven e o desalento que levan â alma as palabras d'o portugués.

Quizais é este o punto en que o poeta gallego estivo máis froxo, quizais o que menos ispirou os seus cantos e este fenómeno invito á estudiar ôs doutos que me escoitan.

Sigros tras sigros de esquencemento e disprecio, ano tras ano de tiranía, roubarou ôs gallegos a fé n-a Patria: sintian-a, non cabe dudal-o, defendéron-a sempre, hastra renderlle a vida; máis confundindo, quizaves, con ela ôs que facendo mal uso d'o poder, a asoballaban e asoballan, non alcontraron méritos pra cantal-a. Socedía como á aquel que tén unha mai que o maltrata: non alcontra motivos pra ensalzal-a, mais deféndea; non pode querel-a, pro respetaa e por nada pirmitiría vel-a aldraxada.

Quizaves non se ocurríu ôs nosos poetas preguntárense que é a Patria pr'os gallegos, quizaves feita a pregunta non souperon, ou nou se estreveron á contestal-a. Era pra unhos e ainda é Galicia a última d'as provincias españolas, a *Cenicienta*, como máis de unha vez se lle

chamou, e por consiguente, co-a menor cantidad pusibre de patria; era pr'autros un anaco roubado á Portugal; pra non poucos un país de parias, terra abonada de caciques, sin lei á invocar os dreitos que da a Patria, anque cargando con todol-os deberes; pra poucos, moi poucos, capaz de recramar e gozar o dreito de poñerse â par d'as demais rexiós, de figurar, quizais, en primeira fila antre elas.

As ideas ábrense camiño ô fin, os espritos levántanse, precíbense os raios que anuncean a aurora de un novo día e son os poetas, pois, como dixo o orador, *teñen algo de videntes,* os que a saudan c'os seus cantos.

E priciso confesar que n-o medeo d'as dudas corren âs veces piligro as ideas; que algún eco sonou de rebeldía. Nacesario é encaixal-os pensamentos, facendo ir xuntas a imaxinación e a refreusión.

Eu, siñores, ei valerme de un exempro pra espresal-o que sobre o importantísimo punto penso, e perdonai a forma, moi en uso n-os nosos campos.

Teño, siñores, unha casiña, modesta, probe, quizaves, mais..... é miña, e quéroa como âs miniñas d'os meus ollos, como â mesma vida. Si a vise atacada, si alguén quixera desconocer o santo respeto que eu gardo âs d'os meus viciños, acodiría á impoñerme dende onde me alcontrase; si pegase lume n-ela, correría á apagal-o; si por algún lado quixese esborrallarse, xuntaría as miñas forzas todas e precuraría sostel-a e reparal-a. Defenderíaa, en fin, sempre e defenderíaa dend'o portal hastra o tellado, dend'o piso baixo hastr'a guardilla, c'o mesmo antuseasmo e sin reparar n-o sacrificio d'a propia vida.

Mais o dito non priva pra que dentro d'a miña casa teña un currunchiño, que eu quero sobre todos. Niño d'os meus amores, sito á que me retiro á descansar, á ler ou esquirbir e n-o que recibíu e ricibe a alma os máis puros goces e castos praceres, o cariño que lle gardo, en nada fai menguar o que â casa enteira teño, e visitoo á menudo, e adornoo e penso né-l sempre que estou lonxe.

Nosa casa é España, Galicia o currunchiño que mais queremos ¿ha de estrañar á naide que o mostremos así, sempre e en todas partes; que precuremos *adornal-a* con cantos adornos poidan outras rexiós adornarse, que con cariño a nomeemos, que por ela morramos, lonxe, de saudades?

Quizavez unindo o meu currúncho â casa d'o viciño, faría unha boa casa e a cousa non tiña dificultás que eu ben sei que o viciño, meu hirman, tamen o desexa; mais ¿á que ambiciós que quizaves non se apañan bén co-a filicidá? ¿A que meternos en obras pr'as que acaso

non estamos preparados? Outro é, quizaves, o distino d'o meu carto: *sin tapiar a porta que o une ô resto d'a casa, bén pode abrirse outra pra d'o viciño, y-estonceas....*

¡Poetas gallegos, nosa Patria é España!

Certo que por moitos anos fomos menospreceados, que se nos aldraxou sin concencia nin caridá; que ainda xemen aquí miles de españoles, baixo a despótica tiranía d'os caciques, mais.... ¡é nosa mai!

Poetas gallegos, cantade, cantade unha Patria común de todol-os españoles, que se ispire n-o respeto á todal-as rexiós, que funda e xunte á todas n-un ideal común, en canto pusibre sexa e consinta o distinto modo de ser de cada unha; sende como as ondas hertzianas d'os sentementos e afeutos antre a nosa e as demais rexiós e amancerán millores días. ¡Ohu! quen sabe si, lazo de unión antre dous pobos grandes, como quer Menendez Pelayo, estará reservada á Galicia a minsión de unil-os n-a Hestorea!

Recordai o que antes dixen d'a porta que n-o meu cartiño podía abrirse, *sin cerrar a outra.*

Ahí tendes, poetas d'o meu país, ahí tendes un asunto pr'os vosos cantos. Descolgai as vosas liras e cantade, cantade a patria grande d'o futuro, abrindo, nunca cerrando portas, sementando o amor, nunca a xenreira e o odio, non deixándose levar pol-a pasión, nin dominar pol-o egoismo. Fai anos que estes mesmos sentementos arrincaron d'as cordas d'a miña probe lira estes versos:

Cantores ispirados,
Os que a Galicia o numen adicastes
Y-a fermosura d'o seu choo cantastes,
Vosos pleutros dourados
Temprade e dinamente,
Nosa Patria ensalzai costantemente.

Quén ama tén que cantar o Amor e asi os nosos poetas, namorados d'o ceo sempre azul que nos cobre, d'a terra fermosa que nos fai amabre a vida; d'o mar que garimosamente a abraza e azula... d'a hestórea que conta e d'a tradición que garda e trasmite canto de grande, nobre e poético encerra o noso pobo, d'a tradición que é o mesmo pobo vivindo n-a mamorea e n-o curazón; os nosos poetas cantaron o Amor.

Cantaron o Amor en todal-as suas formas lícitas e desde Macías, rendendo a vida antre as notas ispiradas de un canto, á Rodríguez de Padrón, fuxindo d'o mundo e dispidíndose en sintidos versos e d'estes

ôs nosos días, sempre tivo a lira gallega n-as súas cordas as máis doces notas pra cantal-o Amor. Por eso, sin duda é como hoxe o italiano, según Menéndez Pelayo, foi en tempos o gallego o idioma do Amor e en gallego cantaron os poetas todos d'a Península, dendes Alfonso X, D. Diniz e os autores d'os famosos Cancioneiros d'a Vaticana e Brancutti hastra nosos días.

Foi o P. Sarmiento, aquel gran gallego, como lle chama o autual Obispo de Jaca, e cuyas obras pra vergonza e daño noso, siguen sin pubricarse; foi Sarmiento quén ouservou o *caracter femenino* d'os cantos líricos populares de Galicia, cando dí *que n-a mayor parte d'as copras gallegas falan as mulleres c'os homes porque en Galicia as mulleres non solo son poetisas, sinon músicas naturales e elas non solo compoñen as copras, sinon que lle adoutan o tono.*

Dedúcese de esto que a alma d'a poesía gallega *é de muller*, e a muller non se comprende sin o Amor. Cando a muller canta ¿qué cantará?

Queixas dooridas de amor e celos forman o fondo d'a poesía popular gallega. Os lamentos, as maldicións contra os caciques, causa principal d'a nosa disgracia e miseria, viñeron despois, que o caciquismo, como a grama e a herba conteira, veu de fora. (1)

A tradición, pois, d'a nosa poesía, pintanol-a ispirándose n-o Amor e, como dixen xa, a tradición é o pobo vivindo n-a mamoria e n-o curazón d'as xeneracións. A tradición, pois, temos que acudir, si queremos facer andar a nosa parada hestorea, insinando ôs que tras nos veñen a veneración e o respeto ô pasado grorioso, sin deixar por eso de abrir os ollos â espranza de un futuro grande: que deprendan, e non esquezan, que foi Galicia a cuna d'a poesía española e que de aquí baixou un raudal de poesía lírica que correu logo por toda a Península (2). Que deprendan a honral-a lingoa en que trovaron de amores os primeiros poetas españoles e d'a que teñen ainda que valerse os poetas gallegos pra facer brillar o seu mérito, que non en van, dí un esquirtor, están intimamente unidas e relacionadas a ispiración d'o que escribe, seu modo de pensar e sintir e a forma que pra espresal-o emprega.

«Cuiden las regiones de conservar con su lengua su espiritu,—dixo

(1) Di a lênda que como se queixase certo pai de que non tiña que dar â facer á un fillo, certo extranxeiro, qu'o escoitaba deulle unha simillа, asegurándolle que sementándoa n-os campos non tiría o mozo moito lugar á estar parado. Fixoo así o pai, que era labrego, e desde estonces data o nacemento da grama e a herba conteira, como unha d'as mais terribres pragas d'a Agricultura.

(2) Menendez Pelayo.

o Marqués de Figueroa, cando pensaba máis en literatura que en política,—cuiden las regiones de conservar con su lengua su espíritu y no pierdan aquella si no quieren perder este» (1). Con estas palabras quixo, sin duda o noso peisano, contestar á outras inxustas, de Valera, queixándose, *como patriota,* de que désemos os gallegos e os catalas, n-a que él considera manía, de empregar o gallego e o catalán n-os nosos esquirtos.

Non é solo Valera, outros *deron n-a mesma manía;* mais non, por fertuna filólogos tan notabres como F. Díez e M. Mayer, alemás, que reconocen n-as obras d'os nosos trovadores os elementos e carauteres de unha antiga poesía popular, é dicir, o «algo propio y característico del pueblo gallego» de que fala Menéndez Pelayo.

A lingoa é a nación que latexa e vive. Mirai á Polonia: consérvase en ela o esprito de nacionalidá por que non quixo esquencel-a lingoa.

Vou conocendo a nacesidá de poñer fin á estes ringuilós, mais antes permitidime un recordo.

Sufría os ensames de fin de curso un fillo meu, mozo de poucos anos, dotado de unha alma sensibre e soñadora, alma gallega ô fin.

Como premeo, si o resultado correspondía ô esforzo, ofrecéralle vir á esta cibdá, visitando o sepulcro d'o Apóstol n-a grandiosa Catedral (a Fé), os de Rosalía de Castro e Alfredo Brañas en Santo Domingo (a Patria), o Hospital, a Universidad e..... a casiña en que nacín (o Amor).

Satisfeito quedou e contento o mozo d'a primeira parte d'o noso programa, e, onque non tanto, tamén d'a terceira.

Ese gran tempro, honra dós pasados sigros é dino sepulcro d'o Patrón de España, adimira e antuseasma ô que por primeira vez o visita: un esprito soñador pensa que ainda cruzan aquelas naves as sombras d'os Xelmirez, d'os Suarez de Deza e d'os Fonseca, que solo poideran botarnos en cara o enfriamento n-a Fé que ergueu torres e bóvedas.

Quixera pra Universida en que ricibín leucjos de sabios que xa morreron, quixera pra ese Hospital, os legados de un Carnegie ou un Rokefeller, mais anque modestamente sexa e privados d'a *autonomía* de que os seus fundadores os dotaran, van comprindo a súa minsión, sostendo o bon recordo d'o pasado e sendo unha espranza pró vindeiro.

Vamos â segunda d'as visitas.

(1) Conferencia n-o Ateneo de Madrí.

Era a tardiña, cando tomamol-o camiño d'a vella eirexa, hora escollida por mín como a máis poética e propia pra visitar un cimiteiro.

Figurábaseme ô entrar n-a eirexa, (nunca a visitara), que unha raiola de luz entrando por algún ventanal e pousando sobre as pedras que cobren os restos d'os dous poetas, guiaría os nosos pasos e pensaba alcontrar aqueles rodeados de croas e recordos de adimiración e agradecemento, gozando por adiantado co-a empresión que ritrataba n-os seus ollos aquel rapaz.

¡Qué desencanto, siñores! ¡Qué triste recordo ven â miña mamoria!

Diante de aqueles sepulcros, abandonados, despois de atravesar a eirexa, fría, descoidada e hastra parezme que ameazando arruarse, eu non sei o que sintiu meu fillo, pois non deu unha fala. Sólo cando deixamos aquel lugar, despois de rezar unha oración e poñer sobre a pedra unha fror d'o campo, solo cando cruzámol-a porta, saindo, escoitei que dicía: ¡qué pobre todo!

Pobre, en efeuto, pobre aquelo, pro máis pobre a alma de un pobo que o consinte.

Acabo, pois, pidindo que, pois honramol-a Fé n-o gran tempro, exercémol-a caridá e o Amor n-o Hospital e n-a Universidá, non esquenzamol-a Patria, que simbolizan aqués dous sepulcros. Honrémol-os como se debe ou vaiamos a esborrallal-os, aventando unhas cinzas que non merecemos gardar.

Quén non venera a mamorea d'os seus vellos, perden á fé, esquencen á Patria e non sinten o Amor.

DIXEN.

DISCURSO-CONTESTACIÓN

POR

D. Juan Barcia Caballero

SIÑORAS E SIÑORES:

Veña en bora o novo Académico á compartir con nosco os nosos traballos e felicitémonos todos de télo por compañeiro. Non fay falla nominar miudamente os seus merecementos. Escrebidos están po-l-o mesmo autor n'os seus feitos, compridamente abundosos e non menos

compridamente merecedores de tamaño homenaxe. Porque n'esta nosa Academia compren homes traballadores e avisados capaces de atopar onde están aniñadas e como perdidas as noticias d'a nosa hestoria, d'esta nosa hestoria rexional tan viva, tan palpitante, tan chea de groriosos acaecementos non somentes pra nos que n'esta terra nacimos e vivimos e po-l-o mesmo amamos con tolemia, senon pra España inteira tan misturada en todo tempo con nosoutros, que antr'ela e nos non cabe alexamento nin separanza. Qu'esto é quezais e sin quezais o que mais importa. Conocer y-estudiar o noso pasado n'os monimentos qu'o tempo vay rachando y-esmorecendo; e n'as estatuas hieraticas e inmobres que erguidas e direitas n'a derruida hornacina ven pasar os anos tra-l-os anos; ou yacentes e medio sepultas antre silvas y-espadanas dormen o sono d'olvido, n'as lousas borrosas mudos enimas que tan sóo falan á quen con sabencia lles perguntan; n'os vellos e afumados pergaminos únecos testigos que perduran d'os seus tempos, esto é o primeiro e prencipal.

